




**O CARTAFOL DESPREGABLE**  
**FRANCISCO FERNÁNDEZ**  
**DEL RIEGO**








17 DE MAIO  
DÍA DAS  
LETRAS GALEGAS 2023




# O CARTAFOL DESPREGABLE FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO





17 DE MAIO  
DÍA DAS  
LETRAS  
GALEGAS  
2023








 **RECORTAR**

 **ENCARTAR**

 **PEGAR**

 **COLOREAR**

**AS FOTOS**

Con Vicente e Amada, seus pais

No servizo militar en Salamanca

Paseando por Vigo con Evelina

Na Real Academia Galega, A Coruña

**O 7 DE XANEIRO DE 1913**


**O DÍA DAS LETRAS GALEGAS**

**NO CONCELLO DE VILANOVA DE LOURENZÁ**

**VICENTE E AMADA**

**A CARREIRA DE DEREITO.**

**A BIOGRAFÍA**



**PEGAR POLA PARTE POSTERIOR**

**A CARICATURA**

**CANDO NACEU FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO?**

**EN QUE CONCELLO LUGUÉS NACEU?**

**CAL ERA O NOME DE SEUS PAIS?**

**QUE ESTUDOS REMATOU EN SANTIAGO?**

**DE QUE REAL ACADEMIA FOI PRESIDENTE?**

**QUE CELEBRACIÓN FOI INICIATIVA SÚA?**



**A CRONOLOXÍA**

**1913** — NACE, O 7 DE XA-NEIRO, NO CON-CELLO LUGUÉS DE VILANOVA DE LOURENZÁ.

**1950** — FUNDA, CON XAIME ISLA, A EDITORIAL GA-LAXIA, CON SEDE EN VIGO.

**1963** — CELÉBRASE POR PRIMEIRA VEZ O DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

**1985** — RECIBE A MEDA-LLA CASTELAO POLO SEU TRA-BALLO A PROL DA NOSA CULTURA.

**1997** — É ELIXIDO PRESI-DENTE DA REAL ACADEMIA GALE-GA.


**2010** — FALECE EN VIGO UN VINTE E SEIS DE NOVEMBRO, AOS 97 ANOS.

**CRONOLOXÍA**

**A BIBLIOTECA**

**BIBLIOTECA FRANCISCO FDEZ. DEL RIEGO**

1 2 3 4 5 6







## A ESCOLMA DE TEXTOS

**FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO**

**ESCOLMA de TEXTOS**

### GALICIA. CARNOTA

Xorde de contado Carnota, emprazada na parte central do val do seu nome.

...

Páranse na vila os visitantes para contemplar a igrexa de santa Columba. E nela, o retábulo debido ao escultor Ferreiro. Tamén o fermoso hórreo, único no país polas súas dimensións e o perfecto labrado en canteira. Construíuse en dúas etapas no dezaioito. Ten unha lonxitude de case trinta e cinco metros, e sostéñeno once pares de columnas.



Pegar portada



1

### GALICIA. PALAS DE REI

Na parte baixa da vila contemplan a Torre de Palas de Rei, un algo agachada por edificios modernos, reducida a algúns muros rachados por varias portas e ornamentados con pedras de armas. Póñense de novo en marcha. Sobre un altorelo, na marxe esquerda do Pambre, afluente do Ulla, érguese o castelo que leva o nome daquel río.



Pegar páxina 1



2

### XOGRARES E TROBADORES

A carón da literatura escrita tivo unha grande importancia na Idade Media, a cultura oral. Os seus axentes foron os xoglares. Tratábase de recitadores, cantores e músicos ambulantes que divulgaban nas feiras, castelos e cidades un repertorio musical e literario, aguilloado directamente polos ouvíi



Pegar páxina 2



3

### MARTÍN CÓDAX

«Chantre da mar», como lle chamou Otero Pedrayo, debeu nacer en Vigo. Figura con tres apelativos de Codax, Moxa ou de Vigo, engadidos, indistintamente aou seu nome, Sobresaíu pola beleza especial e polo selo popular das súas cantigas de amigo; sobre todo polas súas marítimas ou barcarolas. Grande sentidor da súa paisaxe natal, cantou con unción as ondas do mar de Vigo...



Pegar páxina 3



4

### A PESCA DE MAR A MAR

... As lanchas eran abertas, e tiñan, polo xeral, cinco remos por banda. A tradición mandaba que se enrolase un rapaz en cada unha. O rapaz non remaba. A súa misión era a de chamar aos tripulantes polas casas, así como ter os remos preparados.



Pegar páxina 4



5

**SESENTA GALEGOS ILUSTRES  
MANUEL MURGUÍA**

No lugar de Froxel-Oseiro, da provincia coruñesa, naceu don Manuel Murguía no ano 1833, un dos anos típicos do Romanticismo. En idade temperá é xa un escritor de nome con sona; é un novelista, un crítico, un periodista coñecido, que conquista moi novo un posto sobranceiro no mundo literario de Madrid. Sen embargo, non se deixa seducir polo afago que o ambiente lle ofrece.



6

Pegar páxina 5



**CAMIÑO ANDADO  
CASTELAO NO MEU ESPELLO**

Lembro que foi a finais do 1931 cando o coñecín. Foi na imprenta Nós, onde mo presentou Ánxel Casal. Ollei fronte a min un home longo de corpo e de pernas. Suxeríume a súa presenza a dun camiñante que chegara un algo canso. Amosaba unha luz de serán nos seus ollos grises. As gafas non esaxeraban nin desafiaban. A faciana reflectía expresiva sorriso nos labios finos.



7

Pegar páxina 6



**CAMIÑO ANDADO  
CAMIÑANTES NA ALTA MONTAÑA**

Unha das novidades que caracterizaron a obra de Galaxia, foi a de incorporar a el valores intelectuais galegos relevantes. Escritores de ensaio ou de narración non comprometidos co idioma galego, ían fornecerlle á nosa cultura alento de prestixio e universalidade. Xa publicaran na editora en lingua galega algúns deles, cando se proxectou un programa de viaxe polas paisaxes dos Ancares e o Cebreiro.



8

Pegar páxina 7



**CON PONDAL EN  
BERGANTIÑOS  
PERFIL DO HOME**

O poeta chamábase Eduardo María e apelidábase González Pondal. Pero o primeiro destes apelidos poucas veces figurou ao pé dos seus poemas. Como xa quedou dito, foi Ponteceso o lugar do seu nacemento. Era un día do mes de febreiro do 1835. Non copiamos aquí o texto da partida bautismal, porque na vida dun poeta os papeis oficiais veñen ser lastre inútil.



9

Pegar páxina 8



**DANZAS POPULARES  
GALEGAS  
POLIORAMA DA DANZA**

Existe, ademais, outra regueifa, chamada de voda. Comeza, en ocasións, bailando a noiva, unha muiñeira. Mentres a executa, sostén, en equilibrio, sobre a súa cabeza, o famoso bolo de pan. O nome de «regueifa» desta danza e a precedente, recíbena dun pan que xa dixemos que se elaboraba no século XIV, en Santiago, con tal denominación.



10

Pegar páxina 9



**ÍNDICE**

Pegar páxina 10



**GALICIA. CARNOTA ..... 1**  
**GALICIA. PALAS DE REI ..... 2**  
**XOGRARES E TROBADORES ..... 3**  
**MARTÍN CÓDAX ..... 4**  
**A PESCA DE MAR A MAR ..... 5**  
**SESENTA GALEGOS ILUSTRES ..... 6**  
**CAMIÑO ANDADO. CASTELAO ..... 7**  
**CAMIÑO ANDADO. CAMIÑANTES ..... 8**  
**CON PONDAL EN BERGANTIÑOS ..... 9**  
**DANZAS POPULARES GALEGAS ..... 10**

11